



ADMINISTRACION  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

## XDO. DO SOCIAL N. 6 VIGO

**SENTENZA: 00312/2024**

RÚA PADRE FEIJOO NÚM. 1 ANDAR 16 36204-VIGO

Tfno: 886.218953 886218430-218952-53

Correo Electrónico: social6.vigo@xustiza.gal

Equipo/usuario: CO

NIG: 36057 44 4 2024 0001866

Modelo: N02700

## SSS SEGURIDAD SOCIAL 0000266 /2024

Sobre: SEGURIDAD SOCIAL

DEMANDANTE/S D/ña: [REDACTED]

AVOGADO/A: SILVIA TEJON DIAZ

DEMANDADO/S D/ña: INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL  
AVOGADO/A: LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL, LETRADO DE LA TESORERIA DE LA SEGURIDAD SOCIAL

### SENTENZA

Vigo, 22 de xullo do 2024.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz do Xulgado do Social nº 6 de Vigo, o procedemento número 266/2024 dos que se seguen neste xulgado, cuxo obxecto o [REDACTED] titúe unha acción de reclamación contra a determinación da procedencia do complemento de maternidade nunha prestación de xubilación realizada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, pronuncio esta sentenza.

Foron partes no procedemento:

- 1.- demandante: [REDACTED] José [REDACTED] [REDACTED] que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido pola Avogada dona Silvia Tejón Díaz.
- 2.- demandado: Instituto Nacional da Seguridade Social, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Letrado da Seguridade Social don Mario Paredes Rodríguez.
- 3.- O Ministerio Fiscal, que non compareceu no procedemento no seu propio nome e interese.

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** O día 16/03/2024 a parte demandante presentou no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo demanda. Na mesma, logo de expor os feitos e os fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditase unha sentenza na que se declarara que o demandante ten dereito a percibir unha pensión de xubilación na que se inclúa o complemento por fillos do artigo 60 do Real Decreto 8/2015 da Lei Xeral da Seguridade Social nunha porcentaxe do 5 %, condenando ó demandado a estar e pasar por esta declaración.



Solicitou, asemade, unha indemnización pola vulneración dos seus dereitos fundamentais por importe de 1.800 euros.

**SEGUNDO.-** A demanda foi admitida a trámite e se convocou ás partes a xuízo, que tivo lugar o día 22 de xullo do 2024, co resultado que [REDACTED] ta na acta.

O demandante ratificouse na súa demanda e solicitou, asemade, que se condenase ós demandados a facerlle pagamento dunha indemnización de 1.800 euros en concepto de indemnización por danos e perdas causados pola vulneración dos seus dereitos fundamentais.

No acto do xuízo practicouse a proba documental e as partes concluíron como tiveron a ben sobre o resultado das probas practicadas.

### **FEITOS DECLARADOS PROBADOS**

**PRIMEIRO.-** O demandante, Don [REDACTED] José [REDACTED] [REDACTED], con DNI 36.018.004-G, nado o 18/03/1957 e afiliado ó réxime xeral da Seguridade Social baixo o número 36/00591999/28, veu recoñecida por resolución de data 19/03/2018, con data de efectos do 19/03/2018 unha prestación de xubilación ordinaria calculada sobre unha base reguladora de 1.154,74 euros, unha porcentaxe do 74 % e unha contía inicial por importe de 854,51 euros (expediente administrativo, resolución achegada coa demanda).

**SEGUNDO.-** O traballador solicitou na data 30/01/2024 o recoñecemento polo Instituto Nacional da Seguridade Social do complemento de maternidade. O complemento non lle foi recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social por resolución de data 06/02/2024.

O demandante formulou reclamación previa, que foi non foi estimada polo INSS

Posteriormente, na data 03/04/2024 o INSS recoñeceu de oficio o complemento de maternidade ó demandante nunha porcentaxe do 15 % con data de efectos do 19/03/2018 (expediente administrativo).

**TERCEIRO.-** O demandante tivo catro fillos nados nos anos 1976, e 1987 (dous) e 1994 respectivamente (expediente administrativo, copia do libro de familia achegada ó procedemento).





ADMINISTRACION  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Exercita no presente procedemento o demandante unha acción dirixida a impugnar a resolución ditada polo INSS na que non se lle recoñece o dereito a percibir o complemento por fillos na súa pensión de xubilación.

Os feitos declarados probados xorden da proba documental achegada ó procedemento, que non foi impugnada, coa frecuencia que, para esta circunstancia, determinan os artigos 319 e 326 da Lei de Axuizamento civil.

**SEGUNDO.-** Establece o artigo 60 da Lei Xeral da Seguridade Social, na redación vixente na data na que o demandante causou a pensión de incapacidade permanente para a que solicita o complemento, que: "**Artículo 60** Complemento por maternidad en las pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social

1. Se reconecerá un complemento de pensión, por su aportación demográfica a la Seguridad Social, a las mujeres que hayan tenido hijos biológicos o adoptados y sean beneficiarias en cualquier régimen del sistema de la Seguridad Social de pensiones contributivas de jubilación, viudedad o incapacidad permanente.

Dicho complemento, que tendrá a todos los efectos naturaleza jurídica de pensión pública contributiva, consistirá en un importe equivalente al resultado de aplicar a la cuantía inicial de las referidas pensiones un porcentaje determinado, que estará en función del número de hijos según la siguiente escala:

- a) En el caso de 2 hijos: 5 por ciento.
- b) En el caso de 3 hijos: 10 por ciento.
- c) En el caso de 4 o más hijos: 15 por ciento.

A efectos de determinar el derecho al complemento así como su cuantía únicamente se computarán los hijos nacidos o adoptados con anterioridad al hecho causante de la pensión correspondiente".

Cómpre termos en conta, en relación con tal disposición da Lei Xeral da Seguridade Social, que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na sentenza ditada no seo do procedemento C-450/2018, estableceu que unha disposición co contido da que tratamos era contraria ó contido da Directiva 79/7, Directiva que establece a obriga de que os Estados membros da Unión Europea revisen das diferenzas en materia de Seguridade Social entre homes e mulleres no que atinxe ó coidado dos fillos.

O que declarou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa sentenza de data 12 de decembro do 2019, ditada no seo do



procedemento C-450/2018, foi o seguinte: "La Directiva 79/7/CEE del [redacted]ejo, de 19 de diciembre de 1978, relativa a la aplicación progresiva del principio de igualdad de trato entre hombres y mujeres en materia de seguridad social, debe interpretarse en el sentido de que se opone a una norma nacional, como la controvertida en el litigio principal, que establece el derecho a un complemento de pensión para las mujeres que hayan tenido al menos dos hijos biológicos o adoptados y sean beneficiarias de pensiones contributivas de incapacidad permanente en cualquier régimen del sistema de Seguridad Social nacional, mientras que los hombres que se encuentren en una situación idéntica no tienen derecho a tal complemento de pensión".

Certo é que a sentenza que vimos de expor só se refire á prestación de incapacidade permanente, e o demandante pretende que a declaración que contén se aplique a unha pensión de xubilación, pero non debemos perder de vista que, na súa esencia, tanto a pensión de incapacidade permanente coma a de xubilación teñen por obxecto garantirlle ó beneficiario unha capacidade económica para o caso de que xa non lle sexa posible traballar, ben sexa porque o seu estado de saúde non llo permita, ben sexa porque acadou unha idade na que o Sistema da Seguridade Social [redacted]idera que xa non é esixible que o traballador deba seguir prestando servizos.

O que implica o dereito do demandante á percepción do complemento que solicita.

Ademáis, se analizamos os motivos polos que o TXUE entende que o contido do artigo 60 da LXSS citado se opón ó contido da Directiva 79/7/CEE, podemos chegar á mesma conclusión:

"57 Pues bien, en el caso de autos, el artículo 60, apartado 1, de la LGSS no contiene ningún elemento que establezca un vínculo entre la concesión del complemento de pensión controvertido y el disfrute de un permiso de maternidad o las desventajas que sufre una mujer en su carrera debido a la interrupción de su actividad durante el período que sigue al parto".

58 En particular, se concede dicho complemento a las mujeres que hayan adoptado dos hijos, lo que indica que el legislador nacional no pretendió limitar la aplicación del artículo 60, apartado 1, de la LGSS a la protección de la condición biológica de las mujeres que hayan dado a luz.

59 Además, como señaló el Abogado General en el punto 54 de sus conclusiones, esta disposición no exige que las mujeres hayan dejado efectivamente de trabajar en el momento en que tuvieron a sus hijos, por lo que no se cumple el requisito relativo a que hayan disfrutado de un



permiso de maternidad. Este es el caso, concretamente, cuando una mujer ha dado a luz antes de acceder al mercado laboral.

- 60 Por [REDACTED] siguiente, procede declarar que un complemento de pensión como el controvertido en el litigio principal no está comprendido en el ámbito de aplicación de la excepción a la prohibición de discriminación establecida en el artículo 4, apartado 2, de la Directiva 79/7.
- 61 En segundo lugar, según el artículo 7, apartado 1, letra b), de la Directiva 79/7, esta no obstará a la facultad que tienen los Estados miembros de excluir de su ámbito de aplicación las ventajas concedidas en materia de seguro de vejez a las personas que han educado hijos y la adquisición del derecho a las prestaciones después de períodos de interrupción de empleo debidos a la educación de los hijos.
- 62 A este respecto, es preciso señalar que, en cualquier caso, el artículo 60, apartado 1, de la LGSS no supedita la concesión del complemento de pensión en cuestión a la educación de los hijos o a la existencia de períodos de interrupción de empleo debidos a la educación de los hijos, sino únicamente a que las mujeres beneficiarias hayan tenido al menos dos hijos biológicos o adoptados y perciban una pensión contributiva de jubilación, viudedad o incapacidad permanente en cualquier régimen del sistema de Seguridad Social.
- 63 Por [REDACTED] siguiente, el artículo 7, apartado 1, letra b), de la Directiva 79/7 no se aplica a una prestación como el complemento de pensión controvertido.
- 64 Por último, debe añadirse que el artículo 157 TFUE, apartado 4, establece que, con objeto de garantizar en la práctica la plena igualdad entre hombres y mujeres en la vida laboral, el principio de igualdad de trato no impedirá a ningún Estado miembro mantener o adoptar medidas que ofrezcan ventajas concretas destinadas a facilitar al sexo menos representado el ejercicio de actividades profesionales o a evitar o compensar desventajas en sus carreras profesionales.
- 65 Sin embargo, esta disposición no puede aplicarse a una norma nacional como el artículo 60, apartado 1, de la LGSS, dado que el complemento de pensión controvertido se limita a conceder a las mujeres un plus en el momento del reconocimiento del derecho a una pensión, entre otras de invalidez permanente, sin aportar remedio alguno a los



problemas que pueden encontrar durante su carrera profesional y no parece que dicho complemento pueda compensar las desventajas a las que estén expuestas las mujeres ayudándolas en su carrera y garantizando en la práctica, de este modo, una plena igualdad entre hombres y mujeres en la vida profesional (véanse, en este sentido, las sentencias de 29 de noviembre de 2001, Griesmar, C-366/99, EU:C:2001:648, apartado 65, y de 17 de julio de 2014, Leone, C-173/13, EU:C:2014:2090, apartado 101).

66 Por [REDACTED] siguiente, debe señalarse que una normativa nacional como la controvertida en el litigio principal [REDACTED] constituye una discriminación directa por razón de sexo y, por lo tanto, está prohibida por la Directiva 79/7”.

Chegados a este punto, non debemos esquecer que nos achamos diante dunha Directiva, que en principio non é unha norma de aplicación directa como sería un Regulamento UE, pero das que a xurisprudencia do TXUE ven establecendo a diferenza entre a aplicabilidade directa no caso das relacións verticais (entre o Estado membro da Unión Europea e os seus cidadáns) e a non aplicabilidade directa no caso das relacións horizontais (entre particulares). Neste senso, as sentenzas do Tribunal Supremo de datas 08/06/2016 e 17/10/2016.

No caso que nos ocupa, achámonos diante dunha relación xurídica entre o Estado e un particular, polo que a Directiva non transposta ou incorrectamente transposta resulta directamente aplicable.

No que atinxe á data de efectos, no caso que nos ocupa achámonos coma xa indicamos, diante dunha norma, o artigo 60 da Lei Xeral da Seguridade Social, que, entre outras [REDACTED] ideracións, tentou levar a cabo a transposición da Directiva 79/7. Xa que logo, dado que nos achamos no traxe de aplicarmos correctamente polo efecto directo o contido de tal Directiva, e do xeito que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea entende que debe interpretarse, ten establecido a xurisprudencia do Tribunal Supremo que a aplicación do devandito complemento ós homes débese facer con carácter retroactivo ó recoñecemento da pensión.

Recoñecida a prestación polo INSS, aínda que extemporaneamente, tal coma foi pedida nesta demanda, esta pretensión xa foi cumprimentada e carece de obxecto neste procedemento.

**TERCEIRO.-** Solicita o traballador unha indemnización por vulneración dos seus dereitos fundamentais.





ADMINISTRACION  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA

A cuestión foi resolta na recente sentenza do Pleno do Tribunal Supremo de data 15/11/2023 na que recoñece que, ó fio do establecido polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea de data 12/12/2019 que determinou que a non concesión do complemento de maternidade ós homes [REDACTED] tituíu unha discriminación por razón de sexo, ten interpretado que a actitude do INSS ó non recoñecer dende a data da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea o complemento [REDACTED] titúe unha discriminación que vulnera o artigo 14 da [REDACTED] titución Española.

E argumentou o Tribunal Supremo na sentenza citada que: "Por otro lado, igualmente la Sala [REDACTED] ideró que resultaba anómalo que, tras la referida STJUE de 12 de diciembre de 2019, el INSS continuase denegando las solicitudes de los varones y que no se hubiese cambiado la norma de forma inmediata".

Pero é que debemos ter en conta tamén que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa sentenza ben recente tamén do 14 de setembro do 2023 argumentou que "tratándose de una solicitud de concesión de un complemento de pensión, presentada por un afiliado de sexo masculino, que ha sido denegada por la autoridad competente en virtud de una norma nacional que reserva la concesión de dicho complemento a las afiliadas de sexo femenino, y dándose la circunstancia de que esa norma [REDACTED] tituye una discriminación directa por razón de sexo en el sentido de la Directiva 79/7, tal como fue interpretada por el Tribunal de Justicia en una sentencia prejudicial dictada con anterioridad a la resolución denegatoria de la solicitud en cuestión, el órgano jurisdiccional nacional, que conoce de una demanda presentada frente a esa resolución denegatoria, debe ordenar a dicha autoridad no solo que conceda al interesado el complemento de pensión solicitado, sino también que le abone una indemnización que permita compensar íntegramente los perjuicios efectivamente sufridos como [REDACTED] secuencia de la discriminación, según las normas nacionales aplicables, incluidas las costas y los honorarios de abogado en que el interesado haya incurrido con ocasión del procedimiento judicial, en caso de que la resolución denegatoria se haya adoptado de conformidad con una práctica administrativa [REDACTED] istente en continuar aplicando la referida norma a pesar de la citada sentencia, obligando así al interesado a hacer valer su derecho al complemento en vía judicial".

O Tribunal Supremo determinou na citada sentenza do 15/11/2023 que o importe da indemnización debe fixarse na cantidade de 1.800 euros.



Indemnización que no presente caso é plenamente procedente porque o INSS, logo de que fora ditada a sentenza do TXUE de decembro do 2019 continuou obrigando ó traballador a litigar para ver recoñecido o complemento, en troques de recoñecerllo de oficio coma facía coas mulleres.

E neste senso, debemos tamén desestimar a excepción de prescrición que se articula na resolución da reclamación previa porque volve o INSS insistir na postura de non recoñecerlle ó demandante a prestación e obrígallo a litigar. Compre advertirmos que, de ser muller, teríalle recoñecido a indemnización de oficio polo que non lle sería preciso accionar e non se xeraría a situación que agora contemplamos. Por outra banda a acción só pode ser exercitada dende decembro do 2019, data da sentenza do TXUE, polo que non transcorreu o prazo de prescrición alegado polo INSS.

Compre fixarnos a indemnización por vulneración do dereito fundamental á igualdade recoñecido no artigo 14 da Constitución na cantidade de 1.800 euros.

A estimación parcial implica que non se devengan xuros.

**CUARTO.**- **[REDACTED]** ante o contido da letra c) do apartado 3 do artigo 191 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, contra esta resolución cabe interpor recurso de suplicación nos termos previstos no Título II do Libro III da devandita Lei.

**DAQUELA**

**XULGO**

**ESTIMO a demanda** interposta por Don **[REDACTED]** José **[REDACTED]** **[REDACTED]** contra o Instituto Nacional da Seguridade Social.

DECLARO a vulneración polo INSS do dereito á igualdade do demandante.

**CONDENO ó INSS** a facerlle pagamento dunha indemnización por importe de **1.800 euros**.

Notifíqueseles a presente resolución ás partes, facéndolles saber que contra a mesma poderán interpoñer **recurso de suplicación** perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberán preparar neste Xulgado do Social dentro do prazo de **cinco días** a contar desde o seguinte ao de notificación da presente sentenza, **[REDACTED]** ante o previsto nos artigos 190 e seguintes da vixente Lei Reguladora da Xurisdición Social, segundo o establecido na Disposición transitoria segunda do mesmo texto legal, debendo, se fose a empresa condenada quen recorre, presentar resguardo







acreditativo de ingresar o importe da condena na conta de Depósitos de [REDACTED] ignaciones aberta no SANTANDER S.A. a nome desta oficina xudicial, número ES5500493569920005001274, debendo indicar no campo "concepto" 5425-0000-65-0266-24, así como de efectuar o depósito de 300 euros na mesma conta corrente a que anteriormente fíxose alusión, determinando a non achega dos indicados resgardos a non admisión a trámite do recurso, podendo substituírse a [REDACTED] ignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadeiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito.

Emítase testemuño desta resolución para a súa unión ó procedemento do que trae causa e lévese o orixinal ó Libro de Sentenzas deste Xulgado.

Así por esta sentenza o pronuncio, mando e asino.

